



**RESOLUCIÓN da Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee, pola que se nomea a comisión avaliadora no concurso específico para o ingreso na categoría estatutaria de persoal médico de hospitalización a domicilio, convocado por Resolución do 22 de decembro de 2025 da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde.**

Mediante Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde do 22 de decembro de 2025 (DOG nº 3, do 7 de xaneiro) convocouse concurso específico para o ingreso na categoría estatutaria de persoal médico de Hospitalización a Domicilio e se aprobaron as bases que rexerán o procedemento.

A base cuarta desta resolución establece que logo de publicadas as listaxes definitivas de admitidos/as e excluídos/as, cada un dos xerentes/as das áreas sanitarias en que se oferten prazas procederá a nomear ós membros titulares e suplentes das comisións avaliadoras do concurso.

De conformidade co antedito, este centro directivo,

**RESOLVE:**

**Primeiro:** Nomear os membros da comisión avaliadora que cualificará o concurso específico para o ingreso na categoría estatutaria de persoal médico de Hospitalización a Domicilio, que se relacionan como Anexo.

**Segundo:** conforme a Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde do de decembro de 2025, a comisión estará composta por tres membros, e deberase designar o mesmo número de membros suplentes. O/A presidente da comisión será un/unha directivo/a de área médica. Un membro da



comisión será persoal facultativo da área sanitaria en que se oferten as prazas, con titulación nalgunha das especialidades que se requiren para o acceso á categoría de persoal médico de hospitalización a domicilio, e un profesional da categoría de grupo técnico da función administrativa que asumirá as funcións de secretario/a da comisión.

**Terceiro:** esta resolución producirá os seus efectos desde o mesmo día da súa publicación na páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)) e nos taboleiros de anuncios da Dirección de Recursos Humanos da Área Sanitaria da Coruña e Cee.

**Dilixencia:**

Para facer constar que coa mesma data da sinatura dixital procédese á publicación da presente resolución.

Asinado dixitalmente, na marxe,

Javier Fernández Nistal  
Director de RR.HH.

Asinado dixitalmente na marxe, na data  
indicada,

Luis Verde Remeseiro

Xerente da Área Sanitaria da Coruña e Cee





## ANEXO

### COMISIÓN AVALIADORA

#### CATEGORÍA ESTATUARIA DE PERSOAL MÉDICO DE HOSPITALIZACIÓN A DOMICILIO

##### TITULARES:

Presidente	Álvaro Mena de Cea	Director Asistencial da Área Sanitaria da Coruña e Cee
Vogal	María de la Cámara Gómez	Xefa de Unidade de Urgencias - HUAC
Secretario	Javier Fernández Nistal	Director de Recursos Humanos da Área Sanitaria da Coruña e Cee

##### SUPLENTES

Presidente	Jacobo Formigo Couceiro	Director de Atención Hospitalaria da Área Sanitaria da Coruña e Cee
Vogal	José Manuel Fandiño Orgeira	Coordinador de Urgencias - HUAC
Secretario	María de la Gracia Álvarez Portela	Xefa de Servizo de Recursos Humanos da Área Sanitaria da Coruña e Cee

